

PROXECTO DE MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DO TRANSPORTE PÚBLICO DE GALICIA




1. Contexto desenvolvemento
2. Modelo de desenvolvemento do proxecto
3. Vantaxes e oportunidades para o sector TIC

Contexto normativo

A **Resolución do 26 de febreiro de 2010, da Dirección Xeral de Mobilidade, aproba o Plan de modernización das concesións de transporte público** regular permanente de persoas de uso xeral por estrada de Galicia, e establece entre as medidas tecnolóxicas e de explotación a levar a cabo polas empresas a **implantación dun Sistema de Axuda á Explotación (SAE)** en toda a flota adscrita á servizo de transporte público regular de viaxeiros de Galicia. Para o cumprimento do establecido, a Dirección Xeral de Mobilidade promoverá a posta en funcionamento dun **Centro Operativo da Mobilidade de Galicia (COMGA) que incluírá un Sistema de Axuda á Explotación (SAE) avanzado** con ferramentas de explotación e control da totalidade dos servizos prestados e ferramentas de xestión dos sistemas de información ao usuario.

RESOLUCIÓN conxunta do 1 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Mobilidade e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), pola que se aproban as **especificacións funcionais** para a implantación de sistemas de axuda á explotación (SAE) en toda a frota adscrita aos contratos de xestión de servizos públicos de transporte regular permanente de persoas de uso xeral por estrada de Galicia, establécense os modelos de posta en servizo de SAE, as **obrigas básicas de funcionamento dos SAE** das empresas contratistas de servizos públicos de transporte que opten polo modelo de dotarse dun SAE propio e as **obrigas das empresas contratistas** dos servizos públicos de transporte regular de persoas que opten polo modelo de **empregar o SAE da mobilidade de Galicia.**

Contexto funcional




Centro Operativo da Mobilidade de Galicia: Centro de Control e Xestión da explotación de toda a flota adscrita aos contratos de xestión de servizos públicos de transporte regular de persoas de uso xeral por estrada.

Inclúe o Sistema de Axuda á Explotación Avanzado da Mobilidade de Galicia

Conxunto de sistemas de información e tecnoloxías instalados no vehículo para a axeitada toma de datos e transmisión co Centro de Control e Xestión da Explotación (local ou integrado no COMGA)

Modelo de desenvolvemento do proxecto



RESOLUCIÓN conxunta do 1 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Mobilidade e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), pola que se aproban as especificacións funcionais para a implantación de sistemas de axuda á explotación (SAE) en toda a frota adscrita aos contratos de xestión de servizos públicos de transporte regular permanente de persoas de uso xeral por estrada de Galicia.

Modelo de desenvolvemento do proxecto

No **ANEXO III - Documento de adhesión ao servizo de Sistema de Axuda á Explotación da Mobilidade de Galicia da Resolución conxunta do 1 de febreiro de 2014**, da Dirección Xeral de Mobilidade e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), recóllese:

Terceira. [Empresa transportista que se adhire] comprométese a: **Asinar un contrato privado co prestador do servizo do SAE da Mobilidade de Galicia nas condicións e coas estipulación que se establezan como resultado do procedemento de contratación** indicado nas cláusulas cuarta e quinta, que deberá respectar en todo caso o importe máximo por vehículo establecido na citada cláusula cuarta.

No caso de que **no prazo dun mes** desde que a empresa contratista do servizo público de transporte sexa requirida para a formalización do contrato, a devandita formalización non se producise por causas imputables á dita empresa, no prazo do mes seguinte deberá **aboar á Administración o 20 % do total do importe que, como resultado da adxudicación, debería ter aboado ao longo do período de prestación do servizo**, en concepto de penalización polo incumprimento do presente compromiso. En defecto de pagamento, a Administración poderá empregar o procedemento establecido no vixente Regulamento xeral de recadación para o cobramento de créditos de dereito público non tributarios, empregando, de ser o caso, a vía administrativa de constrinximento.

Cuarta: Para isto, por cada un dos vehículos adheridos ao servizo do SAE da Mobilidade de Galicia, a empresa contratista do servizo público de transporte que asina o presente instrumento de adhesión **aboa mensualmente, directamente ao prestador do servizo do SAE da Mobilidade de Galicia, o importe ofertado por este**. Esta obriga comezará a producirse a partir do inicio do funcionamento operativo do sistema e durante o período de vixencia do contrato de servizos. Este importe, que non poderá ser incrementado durante a vixencia do contrato de servizos, non será superior a sesenta (60) euros mensuais (sen IVE).

Este importe aboarse nos termos establecidos no contrato co prestador do servizo que a empresa de transporte asinará de conformidade co establecido na cláusula 3. **En defecto de pagamento, a Administración poderá empregar o procedemento establecido no vixente Regulamento xeral de recadación para o cobramento de créditos de dereito público non tributarios**, empregando, de ser o caso, a vía administrativa de constrinximento. O mesmo procedemento poderase empregar para resarcir todos os gastos xerados a consecuencia do incumprimento por parte da empresa contratista do servizo público de transporte asinante do presente instrumento de adhesión, logo da súa determinación en expediente contradictorio seguido para o efecto.



Modelo de desenvolvemento. Procedemento licitación

A Xunta publicou a licitación do proxecto o **6 de outubro de 2014** por un importe de **2.260.000 €** e cun período de execución de **5 anos** (6 meses instalación + 54 meses operación).

ANO	Importe (sen IVE)	IVE (21%)	Importe (con IVE)
2015	1.272.727,28€	267.272,72€	1.540.000€
2016	148.760,33€	31.239,67€	180.000€
2017	148.760,33€	31.239,67€	180.000€
2018	148.760,33€	31.239,67€	180.000€
2019	148.760,33€	31.239,67€	180.000€
TOTAL	1.867.768,60€	392.231,40€	2.260.000€

Que tendo en consideración a **cifra de negocio estimada** pola prestación do servizo as empresas de transporte adheridas é de preto de **3.7 M €**

Concepto	Importe (sen IVE)	IVE (21%)	Importe (con IVE)
Orzamento de licitación - Posta en funcionamento e operación do Comga	1.867.768,60€	392.231,40€	2.260.000€
Cifra estimada de negocio pola prestación dos servizos a flota de vehículos adheridos	1.208.520,00€	253.789,20€	1.462.309,20€
TOTAL VALOR ESTIMADO	3.076.288,60€	646.020,60 €	3.722.309,20 €

Para a contratación aplicarase o **procedemento de DIÁLOGO COMPETITIVO**. A través deste procedemento, **seleccionarase unha serie de candidatos** que cumpran os requisitos previos definidos e **establecerase un diálogo** con eles a fin de desenvolver solucións susceptibles de satisfacer as necesidades e que servirán de base para que os candidatos elixidos presenten unha oferta.



Modelo de desenvolvemento. Procedemento licitación

No marco deste contrato a **empresa adxudicataria deberá asumir** (*DD 2.2 - Obxecto do contrato*):

- A **posta en funcionamento e operación do Centro Operativo de Mobilidade de Galicia (COMGA)** que **incluírá a instalación e xestión dun Sistema de Axuda á Explotación avanzado** con ferramentas de explotación e control de toda a flota adscrita ao servizo de transporte público regular de persoas de uso xeral por estrada de Galicia e ferramentas de xestión dos sistemas de información aos usuarios.
- A prestación do conxunto de servizos necesarios para o funcionamento operativo do **Sistema de Axuda á Explotación (SAE) á flota de vehículos das empresas de transporte adheridas ao servizo SAE de Mobilidade da Xunta de Galicia**. Este conxunto de servizos inclúe:
 - O subministro de equipamentos para embarcar nos vehículos
 - As comunicacións
 - O mantemento e a garantía durante toda a vixencia do contrato de servizos.
- A **posta en marcha dunha Oficina Técnica de Implantación**

Modelo de desenvolvemento. Procedemento licitación

O procedemento de diálogo competitivo levarase a cabo a través de tres grandes fases, que son presentadas a continuación (*DD 5.1 – Fases do procedemento*):

FASE 1: Apertura do procedemento, solicitudes de participación e selección de candidatos

Publicación anuncio de licitación

Presentación de solicitudes de participación

Selección dos participantes

FASE 2: Diálogo cos candidatos

Presentación de solucións iniciais

Diálogo competitivo

Definición do prego definitivo

FASE 3: Presentación e exame das ofertas

Solicitud e recepción de ofertas finais

Avaliación de ofertas

Adxudicación

★ Fases con participación relevante do sector TIC.



Modelo de desenvolvemento. Procedemento licitación

FASE 1: Apertura do procedemento, solicitudes de participación e selección de candidatos

Publicación anuncio de licitación

Publícase o **6/10/14** o **anuncio de licitación** xunto co Documento descritivo e o Programa funcional

Presentación de solicitudes de participación



As empresas interesadas deberán enviar as súas solicitudes de participación antes do mércores 12/11/14, xunto coa documentación requirida no Documento descritivo (apartado 6.2):

- ✓ Anexo II
- ✓ Documento acreditativo da personalidade e capacidade do contratista
- ✓ Xustificación da representación con que actúa o asinante da proposición , cando subscriba en nome de outra persoa
- ✓ Declaracións responsables nas que se faga constar que o participante non está incurso en prohibición de contratar – Anexo I
- ✓ Solvencia
- ✓ Documentación específica para a valoración dos criterios de selección (6.2.f)
- ✓ Outra documentación adicional como declaración responsable do número de traballadores discapacitados, da implantación dun plan de igualdade

Selección dos participantes

A mesa especial do DC **estudará as solicitudes e seleccionará aos candidatos** en base aos criterios de selección establecidos no Documento descritivo (apartado 7.2):

- ✓ Experiencia en deseño e implantación de Sistemas de Axuda á Explotación en materia de transporte público de viaxeiros.
- ✓ Experiencia en subministro, instalacións e mantemento de equipamento de sistemas de monética sen contacto.
- ✓ Experiencia en explotación e xestión de centros de control integrais de mobilidade

Tras o proceso de selección, enviarase aos seleccionados (non máis de 5) unha invitación para participar no diálogo



Modelo de desenvolvemento. Procedemento licitación

FASE 2: Diálogo cos candidatos

Presentación de solucións iniciais



Os candidatos seleccionados para pasar á fase de diálogo deben presentar, no prazo de 35 días desde o envío da invitación, unha proposta de solución inicial. Ésta debe conter os aspectos recollidos no apartado 8.1 do Documento descritivo.

- ✓ Índice
- ✓ Resumo executivo do proxecto
- ✓ Descrición da solución funcional e técnica do proxecto
- ✓ Descrición da proposta de mantemento, actualización e renovación tecnolóxica
- ✓ Organización e xestión dos traballos
- ✓ Memoria económica
- ✓ Proposta de plan de negocio
- ✓ Proposta de clausulado do contrato

Diálogo competitivo



No transcurso do diálogo, **poderán ser obxecto de debate todos os aspectos do contrato cos candidatos seleccionados**, non estando suxeito a diálogo o alcance básico do obxecto do contrato. A este respecto, considérase de especial relevancia tratar os seguintes temas:

- ✓ O prazo do contrato
- ✓ Requisitos do servizo, e plan de implantación e explotación
- ✓ Melloras ás prescricións técnicas e de posta en marcha dos sistemas
- ✓ Cuestións relativas ao réxime económico: valores máximos de prezos, plan de negocio...

Definición do prego definitivo

Durante o desenvolvemento da fase de diálogo cos candidatos seleccionados, o Documento Descritivo e o Programa Funcional irán evolucionando.

Nestes enso, a **mesa de contratación poderá efectuar actualizacións e modificacións do Documento Descritivo e o Programa Funcional.**



Modelo de desenvolvemento. Procedemento licitación

FASE 3: Presentación e exame das ofertas

Solicitud e recepción de ofertas finais

Unha vez publicados o novo Documento Descritivo e Programa Funcional, **os candidatos deberán presentar a súa oferta final**, estruturado segundo o modelo que acompañe á invitación.

A mesa de contratación poderá solicitar aclaracións sobre as ofertas presentadas , axustes ou información adicional.

Avaliación de ofertas

A **mesa de contratación avaliará as ofertas presentadas en base aos criterios de adjudicación** recollidos no Documento Descritivo **ou os establecidos ao final da fase de diálogo:**

- ✓ Calidade da solución funcional e tecnolóxica
- ✓ Calidade e eficiencia da implantación
- ✓ Plan de negocio
- ✓ Oferta económica
- ✓ Custe mensual da prestación

Adjudicación

Unha vez avaliadas as distintas ofertas, a **mesa de contratación seleccionará a oferta máis vantaxosa**. Poderase requirir ao candidato da oferta que se considere máis vantaxosa a aclaración sobre determinados aspectos da mesma así como a ratificación de compromisos que nela figuran.

Posteriormente á adjudicación, **será formalizado o contrato coa empresa adjudicataria e comezará o proceso de execución** , que será de cinco anos.



Vantaxes e oportunidades para o sector TIC

CONSTITÚE UNHA INICIATIVA NA QUE O SECTOR TIC É UNHA PEZA CLAVE

- O enfoque tecnolóxico e a complexidade técnica que require o **deseño e implantación do servizo SAE debe implicar necesariamente a un sector TIC forte e capacitado**, que propoña solucións potentes cun alto contido innovador. Neste senso, o sector TIC posúe capacidades indiscutibles para a asumir o reto que o presente proxecto comporta.

SUPÓN UNHA OPORTUNIDADE DE IMPULSO Á INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

- O carácter innovador do proxecto así como a propia operativa do diálogo competitivo fomenta a **concepción, deseño e evolución de ideas altamente innovadoras que non existen no mercado na actualidade**, o que favorece o impulso e o incremento da competitividade do sector TIC así como o seu posicionamento internacional.



Vantaxes e oportunidades para o sector TIC

PERMITE ÁS EMPRESAS DO SECTOR CAPTAR RECURSOS ADICIONAIS

- A empresa adxudicataria do servizo recibirá, ademais do pago pola prestación do servizo de posta en funcionamento e operación do Comga, os ingresos pola prestación do conxunto de servizos necesarios para o funcionamento operativo do SAE á flota de vehículos das empresas de transporte adheridas ao servizo SAE de Mobilidade de Galicia.
- Ademais, a iniciativa do adxudicatario **poderanse contemplar outros mecanismos de retribución adicionais**, como poden ser:
 - Ingresos pola ampliación dos servizos prestados para o funcionamento operativo do SAE a vehículos das empresas contratistas do servizo de transporte público non adheridas inicialmente ao servizo SAE de Mobilidade de Galicia.
 - Ingresos procedentes doutros servizos complementarios non incluídos no obxecto do contrato ás empresas de transporte usuarias dos servizos para o funcionamento operativo do SAE.
 - Outros ingresos derivados da publicidade, exportación do modelo...